

Dirección:

Artello - Teatro Alla Scala 1:5
(Rosa Hurtado e Santiago Montenegro)

Tarara



ANABEL GAGO • AVELINO GONZÁLEZ • BEA • NOEMI RODRÍGUEZ

Chis-Pum!

FRAN PELETEIRO • MANUEL POLO • JOSÉ CARLOS ILLANES

Creación colectiva baseada no espectáculo de Artello Teatro



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2006-2007

Tarará-chis-pum!

dirección: Artello - Teatro Alla Scala 1:5
(Rosa Hurtado e Santiago Montenegro)

Creación colectiva baseada no espectáculo de Artello Teatro

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 572
Fax 981 570 541
centro.dramatico.galego@xunta.es

Comunicación. IGAEM
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.igaem@xunta.es
www.igaem.xunta.es

| ÍNDICE |

Presentación.....	4
Ficha artística.....	5
Funcións.....	6
Sinopse.....	7
A produción.....	9
A dirección.....	10
O elenco	12

| PRESENTACIÓN |

Eu teño un amigo que se dedica ao teatro, mellor, vive do e para o teatro, e sempre se mete con nós, profes e “pedagólogos”, ás veces ata cos pais, porque di que para nós as obras infantís teñen algún interese se delas podemos tirar algunha ensinanza, ou algún valor moral para que os rapaces aprendan.

O protagonista desta obra perde o riso na escola, non cumpre as expectativas dos pais decepcionándoos, e anda agoniado polo ritmo diario de traballo e actividades. Non hai que preocuparse, porque como en todos os bos contos, hai un final feliz.

Quizais o feito de que o pequeno corra dun lado a outro presionado polas actividades extraescolares, sen disfrutar de ningunha, fíxome meditar sobre o noso ritmo de vida e o que lles impoñemos aos nosos fillos. É certo que non todos andan así, pero algúns podémonos aplicar o conto. Non por todas as actividades que teñen eles, senón tamén por todas as cousas que facemos nós sen tempo de desfrutalas.

E o noso riso? Onde está o noso riso?

O meu amigo ten razón, o teatro é teatro e non ten por que ser nada máis... nin nada menos! Ou é que nos parece pouco, un creador de fascinación, transmisor de emocións, estimulador da imaxinación...

Poñédevos cómodos e desfrutade da obra... quizais ao final todos atopemos o riso!

Cristina Pérez Asenjo

| FICHA ARTÍSTICA |

Autor	Creación colectiva baseada no espectáculo de Artello Teatro
Dirección	Artello – Teatro Alla Scala 1:5 (Rosa Hurtado e Santiago Montenegro)
Produción	Centro Dramático Galego
Reparto	Anabel Gago Avelino González Bea Fran Peleteiro Manuel Polo Noemi Rodríguez José Carlos Illanes (<i>Músico</i>)
Espazo escénico e vestiario	Carlos Alonso
Iluminación	Santi Montenegro e Santi Mañasco
Dirección musical	Manuel Pombal
Asesoría movemento escénico	Avelino González
Attrezzista	Santos Carrera
Asesoría de maquillaxe	Dolores Centeno
Asistencia de vestiario	Clotilde Vaello
Fotografía	Tono Arias
Deseño gráfico	Signum Deseño
Realización espazo escénico	Talleres IGAEM
Realización estruturas metálicas	Fredi Vidal e J. Meixoeiro S.L.
Realización vestiario	Concha Abad e Clotilde Vaello
Unidade didáctica	Cristina Pérez Asenjo
Revisión lingüística	Rosetta

| **FUNCIÓNS** |**FUNCIÓNS FAMILIARES**

Vigo	Centro Cultural Caixanova: estrea o 2 de febreiro, ás 20.00 horas e os días 3 e 4 de febreiro, ás 18.00 h.
As Pontes	Cine Alovi: 9 de febreiro, ás 18.00 h.
Ferrol	Teatro Jofre: 17 de febreiro ás 20.30 h.
Ourense	Teatro Principal: 24 de febreiro, ás 18.00 h.
Xixón	Teatro Jovellanos: 26 de febreiro, ás 10.30 h.
A Coruña	Fórum Metropolitano: 3 de marzo, ás 19.00 h.
Compostela	Salón Teatro: 10, 11, 17, 18, 24, 25, 30 e 31 de marzo, ás 18.00 h.
Narón	Auditorio Municipal: 20 de marzo, ás 20.30 h. e día 21, ás 20.00 h.
Foz	Auditorio Municipal: 28 de marzo, ás 20.30 h.

FUNCIÓNS ESCOLARES

As Pontes	Cine Alovi: 7 e 8 de febreiro, ás 10.30 h.
Ferrol	Teatro Jofre: 15 e 16 de febreiro, ás 10.30 h.
Ourense	Teatro Principal: 22 e 23 de febreiro, ás 11.00 h.
A Coruña	Fórum Metropolitano: 28 de febreiro e 1, 2 e 5 de marzo, ás 11.00 h.
Compostela	Salón Teatro: 7, 8, 9, 14, 15, 16, 21, 22, 23, 28 e 29 de marzo, ás 11.00 h.
A Estrada	Teatro Principal: 10, 11 e 12 de marzo, ás 11.00 h.
Foz	Auditorio Municipal: 24, 25, 26 e 27 de marzo, ás 11.00 h.

| SINOPSE |

A compañía **Artello Teatro** estreou ***Tarará-chis-pum*** o 15 de novembro de 1978 na Sala Carral (Vigo). Foi o primeiro espectáculo profesional de teatro infantil feito en Galicia. A boa acollida que tivo por parte do público materializouse na realización de noventa funcións e na súa prolongación en cartel ata setembro de 1981. Este espectáculo recibiu a Mención Especial na primeira edición dos Premios da Crítica Galicia-1979.

O **Centro Dramático Galego**, neste reencontro coa peza no ano 2007, mantén no esencial a súa estrutura dramática e, sobre todo, o espírito de creación colectiva. Con esta nova posta en escena e cun novo elenco integrado maioritariamente por actores mozos, trata de facer unha invitación renovada ao xogo. Un xogo baseado na imaxinación, na ilusión, na vontade, na nudez... recursos que están ao alcance de todos nós.

En ***Tarará-Chis-Pum!***, unha compañía de actores conta a historia dunha rapaza, pequena aprendiz de pallasa que perde o riso na escola. Para encontralo, emprende unha viaxe fantástica que a levará a percorrer espazos como un mercado, o fondo do mar, o bosque ou mesmo a lúa. Tras unha intensa busca, a acción acaba no circo, onde por fin a pallasa atopará o seu riso.

Nesta viaxe, os actores darán vida a máis de corenta personaxes humanas, animais, vexetais e mesmo obxectos.

Como xa é habitual na traxectoria da compañía Artello, reunimos un equipo de once persoas, entre actores, deseñadores e directores, para abordarmos xuntos un proceso de creación colectiva de cuxo resultado final aínda nos queda moito por descubrir.

As premisas mínimas das cales partimos para esta nova escenificación de ***Tarará-chis-pum!*** son:

- 1) Empregar o texto orixinal como un pretexto que serve de base a un traballo de improvisación aberto a calquera achega, que pode chegar á modificación substancial de escenas ou mesmo á creación doutras novas.
- 2) Unha plástica baseada na suxestión. Empréganse de xeito convencional uns mínimos elementos de *atrezzo*. A escenografía e o vestiario son elementais e versátiles e a utilización da luz pretende xerar as atmosferas tan dispares que demandan os distintos espazos en que se desenvolve a acción (o mercado, o mar, o bosque, a lúa, o circo...). Todo isto ao servizo do traballo creativo dos actores, procurando evitar artificios que o enmascaren.
- 3) O traballo dos actores ten un carácter fortemente coral, ao constituíren unha compañía dentro do propio espectáculo. Esta compañía é a que ten que, ademais de interpretar as personaxes que van xurdindo na historia, crear o espazo musical e parte dos elementos escenográficos.

O resto está a ser un proceso de traballo de dramaturxia, improvisacións, ensaios e preestrea.

(Rosa Hurtado e Santiago Montenegro)

| PRODUCCIÓN|

Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral -compañía de teatro- adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais, cun total de 68 producións e coproducións estreadas.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro -artístico- de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura e Deporte facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega.

Nestes máis de 20 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por tempada, apuntaron cara a varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado, xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico do IGAEM (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia e no cal a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

As últimas representacións do CDG foron *O regreso ao deserto* (2006) de Bernard-Marie Koltès, baixo a dirección de Cristina Domínguez Dapena; a adaptación do conto tradicional ruso *A cabana de Babaíagá* (2006), de Paula Carballada; e *Illa Reunión* (2006), escrita e dirixida por Ana Vallés.

| DIRECCIÓN |

Artello – Teatro Alla Scala 1:5 (Rosa Hurtado e Santiago Montenegro)

A compañía **Artello Teatro** foi fundada en Vigo en 1978 e desde aquela teñen no seu haber un total de quince espectáculos:

1978	<i>Tarará-chis-pum</i> , creación colectiva.
1979	<i>Pic-nic</i> , de Fernando Arrabal.
1980	<i>As nubes</i> , de Aristófanes.
1981	<i>A cantante calva</i> , de Eugene Ionesco.
1982	<i>iiiMandatruco!!!</i> , creación colectiva.
1983	<i>Celtas sen filtro</i> , de X. L. Méndez Ferrín e Artello.
1985	<i>Gulliver FM</i> , de Antón R. Reixa (coprodución do CDG).
1987	<i>Almas perdidas</i> , de Xosé C. Cermeño (producida polo CDG).
1988	<i>Gran Venta X Aniversario</i> , creación colectiva.
1990	<i>Batea</i> , creación colectiva.
1993	<i>A matanza dos Seixas</i> , de Antonio Blanco.
1995	<i>A do libro</i> , creación colectiva.
1999	<i>Unha de amor</i> , creación colectiva.
2002	<i>Amadís de Algueres</i> , creación colectiva.
2005	<i>De fábula</i> , creación colectiva.

En febreiro de 1994, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, coa colaboración de Manuel Pombal na dirección de escena, compoñentes de **Artello**, deciden iniciar unha nova etapa da compañía, caracterizada fundamentalmente por un xeito de produción máis artesanal, razón pola cal engaden o sobrenome **Teatro Alla Scala 1:5**.

Malia os cambios substanciais no formato da compañía e dos espectáculos, deciden manter como base da súa liña de traballo a que sempre foi e segue a ser a característica esencial da súa traxectoria: a creación creativa.

Tras case ano e medio de traballo de creación e de construción, o 23 de xuño de 1995 estrean en Vilagarcía de Arousa a montaxe ***A do libro (Aventuras de Perello de Chora-que-logo-bebes)***. Foi galardoada co Premio á Mellor Estética Visual na Mostra Internacional de Titelles a la Vall d'Albaida (Valencia).

A este espectáculo sucedéronlle, na mesma liña de traballo, *Unha de amor* (1999) – Premio á Mellor Posta en Escena e Producción na “IX Feria Europea de Teatro para Niñ@s (FETEN)” (Xixón)- *Amadís de Algueres* (2002) e *De fábula* (2005). Con estes espectáculos participaron –e participan- en numerosos festivais e programacións, alén de en campañas escolares por toda a Península.

Algunhas participacións salientables:

Mostra de Teatre d’Alcoi (Alacante), 2006.
 Red de Teatros de la Comunidad de Madrid, 2006.
 Encuentro TEATRALIA (Alcalá de Henares, Madrid) 2006.
 Feria Europea de Teatro para Niñ@s - FETEN (Xixón), 1996, 1999, 2003 e 2006.
 Rede Galega de Teatros e Auditorios, 1996 a 2006.
 Festival Internacional “Titeremurcia” (Murcia), 2005.
 Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (Ourense), 1978, 1979, 1984, 1988, 2002 e 2005.
 Feira do Teatro de Galicia (Compostela), 1990, 1993, 1999, 2003 e 2005.
 Festival Medieval d'Elx (Elxe, Alacante), 2004.
 Festival de Teatro Clásico de Almagro (Ciudad Real), 2004.
 Teatro Alameda – Feria Internacional del Títere (Sevilla), 1996 e 2004.
 Circuito Asturiano de Teatro, 2004.
 Red de Teatros de Castilla y León, 1996, 1999 e 2004.
 Festival Internacional de Marionetas de Tolosa (Guipúscoa), 1999, 2003 e 2006.
 Círculo de Bellas Artes (Madrid), 2003.
 Festival Internacional de Títeres de Barañain (Pamplona), 2003.
 Festival “En el país de los Títeres” (Xixón), 1999 e 2002.
 Festival Internacional de Teatro de Bonecos (Brasília, Brasil), 2000 e 2002.
 Festival Internacional “Teatrapo” (Pto. La Cruz, Tenerife), 2002.

| O ELENCO |

Anabel Gago (*vendedora, lunática e domadora*)

Actriz de teatro, cine e televisión, Anabel Gago posúe unha recoñecida traxectoria profesional tal e como o avala o premio Casares que obtivo no ano 2006 á mellor actriz protagonista pola obra *Tío Vania* (2005) de Chéjov, baixo a dirección de Cristina Domínguez.

Chega ao teatro profesional no ano 1994 da man de Roberto Vidal Bolaño e a compañía Teatro do Aquí, coa que entre 1994 e 2002 intervén en *A ópera de a patacón*, *Touporroutou de lúa e do sol*, *O desengano de prioiro*, *Anxeliños* e *Os Papalagui*.

A súa experiencia profesional amplíase cos seus traballos interpretativos nas montaxes *A viaxe de Lola* (Alalá Producións, 1998-2000), *A casa de América* (A Factoría Teatro, 1998-1999) –ambas as dúas dirixidas por Cristina Domínguez– e *Malicia* de Paula Carballeira (Emedous produccións, 2002-2003).

Nos últimos anos participou nas obras de Berrobambán Teatro *Dous contos sen final e un final por fin* (2002-2003), *Notas de cociña* (2001-2003) e *Vendetta* (2004-2006), así como en *O inventor de sons* (2004) para a compañía AlaVimBomVai.

Canto ao audiovisual, colaborou en diversos capítulos da serie da TVG *Rías Baixas* e foi a actriz protagonista na longametraxe *O Pedrouzo-La Habana* (2005). Igualmente, participou nas curtas de cine *Lobos* (2004), *Réquiem* (2001) e *Sen Tempo* (2001).

A súa formación teatral centrouse na interpretación e na técnica corporal e vocal, asistindo a diferentes cursos monográficos de interpretación, danza e técnica corporal e vocal con Najla Shami, María Caramés, Ramón Bermejo, Leo Bassi, Mariano Barrosa, Carlos Neira e Cristina Domínguez, entre outros.

Avelino González (*reloxo, rapaz, vendedor, caranguexo, cazador, foguete, lunático e pulicarpio*)

Comezou a súa carreira no mundo do teatro en *A Farándula* (Vigo, 1980), compañía na que colaborou ata a súa desaparición. Fundador de *Tranvía Teatro* (1989) e *Ollomol Tranvía* (1993), Avelino González é un home consolidado no panorama escénico actual.

Na súa traxectoria interpretativa destacan os seus papeis escénicos desenvolvidos para o Centro Dramático Galego (CDG): *As alegres casadas* (1989), *Un sueño de verán* (1992), *Historia do soldado* (1993) ou *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (2004), o primeiro espectáculo infantil do CDG.

Deu o salto ao mundo do cine en 1987 con *Gallego*, dirixido por Octavio Gómez. Desde entón, participou tamén nos filmes *A ti como se chi adeus* (1998), *Condenado a vivir* (2000), *Lena* (2000) e *Heroína* (2004), dirixidos por Gerardo Herrero. O pasado ano interveu en *Sin rumbo* e *Te encontré*, baixo a dirección de J. Brea e Susana Estévez respectivamente.

Na pequena pantalla ten actuado en numerosas producións propias da TVG (*Arestora, Luar, Galicia express, Homo-zapping*) e no eido da ficción, tanto para a galega (*Platos combinados, Mareas vivas, Rías Baixas, As leis de Celavella, A vida por diante*) como para as cadeas españolas TVE (*Cuéntame*), Tele 5 (*Hospital Central*) e *Lluvia*, dirixido por Isabel Coixet para Canal+.

Ademais da súa carreira interpretativa, dirixiu as montaxes *Love letters* (2001), *Crónica de Avilés de Taramancos* (2003), *Bicos con língoa* (2003) e *Vento Mareiro* (2004), que lle valeu unha nominación ao Premio María Casares pola mellor dirección e mellor texto orixinal. Entre outros premios que recibiu, cómpre destacar o Premio Compostela ao mellor actor secundario 1993 polo seu traballo en *Un sueño de verán*.

Para mellorar a súa formación, ten asistido a cursos impartidos, entre outros, por Ernesto Caballero, Jesús Aladrén, Nelia Veksel, Philippe Gaulier, Paco Pino, Albert Boadelle, Eric de Bont, John Wright, María del Mar Navarro, Vicente Fuentes e Alex Navarro.

Bea (*nai, nena, vendedora, serea, fogueteira e batutina*)

Cursaba estudos de Xestión e Administración Pública e canto cando entre outubro de 2003 e xaneiro de 2004 entrou a formar parte da terceira edición do programa televisivo *Operación Triunfo*. Durante este tempo grava algún tema nos discos colectivos *Operación Triunfo 3* (disco de ouro) e *No se vivir sin ti*, - ambos os dous para Vale Music Spain – e participa en distintas xiras e galas benéficas.

Un ano despois saca a luz o seu primeiro disco en solitario *Fuego y miel* e recentemente acaba de presentar un segundo traballo titulado *Volver a amanecer*, así como un terceiro disco recopilatorio cos seus antigos compañeiros *Las 100 mejores canciones de Operación Triunfo*.

Agora estuda na Escola Superior de Arte Dramático de Galiza e *Tarará-chis-pum!* supón o seu debut como actriz.

Noemi Rodríguez (*pallasa*)

A súa actividade escénica comeza no ano 1998 desenvolvendo diferentes actividades na Escola Municipal de Teatro de Allariz. Desde entón compaxina a súa faceta de escritora de relato curto (premiada en diversos certames literarios), coa faceta interpretativa formando parte do elenco de *Museatro* (Cía. Río Negro, 2002) e *O Papa e a Bruxa* (Art-Monium, 2006).

Entre os anos 2002 e 2005 participa coa compañía Amigos de Marcial Suárez nas pezas *Dous lances de Castelao* e *Pañolín Rompenubes*, así como en distintas animacións de rúa. No ano 2005 intervén na *performance* de inauguración dunha exposición de pintura na RENFE de Vigo, ademais de actuar na curtametraxe *Voando*, producida por Mr. Misto Films.

O pasado ano veu de actuar coa Escola Municipal de Teatro de Allariz no espectáculo *Big-bag Adolexencia* (2006).

Fran Peleteiro (*mestre, mago, raia-tafi, foguete, lunático e foca*)

Actor, director e dramaturgo, conta con máis de 18 anos de experiencia no mundo do teatro, actuando, formando, creando e iniciando proxectos de todo tipo.

Galardoadado con varios premios na súa carreira interpretativa (Premio Estornela de Teatro Infantil por *Xoguetes* (2004), así como en diversas edicións do Certame de Teatro Xuventude), desenvolve unha importante laboura docente en colexios, centros de ensino, na Academia de Artistas de Sanxenxo, na Escola de Teatro de Ponteareas, ou como coordinador de teatro na Concellaría de Xuventude de Vigo.

Como actor de teatro interveu en máis de vinte espectáculos, sendo as montaxes máis significativas *O veneno do teatro* (Uve doble, 2006), *El veneno del teatro* (Uvée d'eau Blé, 2005), *Diez negritos* (Saraiba Teatro, 2004-2006), *Jansel e Ponsel* (Certame de Teatro Inmediato, 2004), *El retablillo de Don Cristóbal* (Saraiba Teatro, 2002), *A batea perdida* (2000), *Estación 21* (1999) e *A túa é máis grande* (1998), estas tres últimas para Lohengrín Teatro.

Como director e creador ten no seu haber unha decena de espectáculos: *A ovella branca* (2003), *Cicuta exponencial* (2003), *Teatro de Cámara* (2004), *A increíble historia de Perogrullo* (2004), *Farsa Plautina* (2005), *Xoguetes* (2004), *El cumple de Tatiana* (2004), *Ogallás... pudiera para-lo tempo* (2005) e *Ser* (2005).

Dentro do ámbito televisivo, ademais de traballar en publicidade e en varios video clips, é actor do programa *Luba TV* e forma parte do dúo cómico *Raios e Centolas* no programa da TVG *Luar*. A súa experiencia audiovisual abrangue así mesmo as longametraxes, onde realizou traballos de figuración na película *Los lunes al sol* de Fernando León de Aranoa. Igualmente, participou en *Patahorobí* de César Viela e foi co-protagonista de *Calles*, producida por Lume Produccións e en fase de preproducción. Tamén foi co-protagonista na curtametraxe *Supermarines* e protagonista en *Se che pega non te quere*, producida pola Asociación Inclusión.

Actualmente estuda na Escola Superior de Arte Dramática de Galiza.

Manuel Polo (*pai, ladrón, lobo e lunático*)

Procedente da escena universitaria, Manuel Polo chega ao teatro da man da Aula de Teatro Universitario de Lugo, coa que actúa en *A nosa vila* (1995-1996) e *Ramo cativo* (1996-1997).

Na súa traxectoria interpretativa tamén destaca a súa participación co grupo de teatro de títeres Titiritraun na realización e posta en escena das pezas *Non hai ogros na lúa* (2002-2003), *Pilarín, o Dragón e San Xurso o Campeón* (2003-2004) e *O Poeta na Lúa* (2005), representadas en diferentes concellos de Galiza e Feiras do Libro.

Ademais, participou na montaxe e distribución da obra *Non hai ladrón que por ben non veña* (2000-2001), de Darío Fo, para Teatro das Argalladas, e interveu en *A raíña aburrida* (Ubú Teatro, 2003-2004).

Ten asistido a diferentes cursos e obradoiros de interpretación, clown e montaxe de espectáculos impartidos por Sarabela Teatro, Ubú Teatro, Isabel Úbeda (Odin Teatret), Avelino González, Claudia Conti e Ferruccio Merisi, Elliot e Jöns Papilla, entre outros.

José Carlos Illanes (*músico de rúa, home tapón e padioleiro*)

Actor, director e músico. Desde que en 1989 comezou a súa andaina no teatro xa realizou máis de vinte montaxes con grupos como Saraiba, Lohengrín Teatro, Uve dobre ou Autalía, sendo premiado en diversas ocasións.

En televisión, actuou na serie da TVG *Rías Baixas*, así como en diversas aparicións nos espazos *Luar* e *O show dos Tonechos*. A súa actividade interpretativa esténdese así mesmo ao mundo publicitario, onde gravou varios espots.

Canto ao cine, traballou como actor de reparto nas curtametraxes *La canción de Fémerlin*, *Todo por la Comidunga* (onde tamén participou como co-director) e *Os dous*; de igual forma, foi o protagonista da longametraxe *Calles*, producida por Lume Produccións e actualmente en fase de preproducción.

No ano 2000 iníciase como director de escena, dirixindo as montaxes *Otra vez el diablo* (co-dirección) (4º Premio Xuventude 2000), *Macbett* (2º Premio e Premio Especial á Mellor Obra en Galego Xuventude 2002), *El Retablillo de Don Cristóbal* (6º Premio Xuventude 2003) e *Diez Negritos* (co-dirección).

Recentemente acaba de escribir a súa primeira obra infantil musical: *Os xigantes do camiño*, de cuxos temas é o compositor. Compaxina os seus estudos universitarios, cos de técnica do clown, malabarista e zancudo e imparte clases de guitarra e percusión.

Manuel Pombal (*Director musical*)

Actor, director, dramaturgo e compositor musical, Manuel Pombal posúe unha reputada traxectoria profesional que iniciou en 1977 na compañía Artello Teatro, da que foi fundador. Con esta compañía participa nas obras *Viaxe ao país de ningures* (1977), *Morte e vida de Severina* (1978), *Tarará-chis-pum* (1978), *Pic-nic* (1979), *As nubes* (1980), *Mandatruco* (1982), *Celtas sen filtro* (1983), *Gulliber F.M.* (1985), *Batea* (1987) e *Unha de amor* (1999).

Asemade, co-escribe e intervén para a compañía Fulano, Mengano e Citano en *Feito en Galicia* (1994), *Cheiro de Estrelas I* (1996), *Cheiro de Estrelas II* (1999), *Shsss... Calma!* (2004) e *O Faro* (2005).

Entre os seus traballos escénicos destacan os desenvolvidos para o Centro Dramático Galego *Woyeck* (1984), *Os vellos non deben de namorarse* (1985), *O enfermo imaxinario* (1986), *Almas perdidas* (1987), *Calígula* (2001) e *A comedia do Gurgullo* (2003).

Canto ao audiovisual, participou na longametraxe *Sei quen és* (2000) de Patricia Ferreira, así como nas curtas *Só para nenos* (1985) de Milagros Bará e *Morrer no mar* (1984) de Alfredo Pinal. Na pequena pantalla colaborou en distintos espazos da TVG como *Supermartes*, *Luar*, *Xabarán Club...*, nas series *Servicio de urxencias*, *Platos combinados*, *A familia Pita*, *Mareas vivas* e *Rías Baixas*, así como en *Brigada Central* para TVE.

Como compositor musical é o autor da banda sonora de *Tarará-chis-pum* (1978), *As nubes* (1980), *Mandatruco* (1982), *O agnus Dei dunha nai* (1984) para Marigaila, *Un mundo marabilloso* (1986) pata TBO Teatro, *A do libro* (1999), *Cheiro de Estrelas II* (1999), *Shsss... Calma!* (2004) e *O Faro* (2005). É autor tamén da música dos CD-Rom *Sinte a túa natureza* (2001) editado pola Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e *Os sons do Camiño*, para a Exposición Promocional do Camiño Romano de Antonio para a Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia.

Ten realizado diferentes traballos de drobraxe e conduce varios programas de radio destinados ao público infantil.